

Estatutos Nacionai

XSG

xuventudessocialistas.org



**13º Congreso Nacional
Fene, 9 e 10 de maio de 2007**

XUVENTUDES SOCIALISTAS DE GALICIA ESTATUTOS NACIONAIS

Artigo 1

Xuventudes Socialistas de Galicia é a organización política da mocidade socialista de Galicia, integrada polas agrupacións territoriais, así como as Agrupacións galegas do exterior.

Xuventudes Socialistas de Galicia é unha organización independente, que se relaciona a nivel federal coas Juventudes Socialistas de España (J.S.E.).

Xuventudes Socialistas de Galicia é a organización xuvenil do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S.de G.), participando no seu funcionamento e aportándolle as súas ideas e o necesario impulso, aínda que Xuventudes Socialistas de Galicia gozará de autonomía no funcionamento dos seus órganos e na adopción do seu programa político.

A nosa denominación propia é "Xuventudes Socialistas de Galicia" e as nosas siglas, X.S.G. Os nosos símbolos son: o composto por un puño e unha estrela vermella de cinco puntas sobre a bandeira galega así como o abandeirado.

XSG é unha organización que se define como socialista e galeguista. Así, os valores fundamentais nos que asenta a súa ideoloxía son: a liberdade, a igualdade, o feminismo, a solidariedade, o galeguismo, a tolerancia, a participación, o desenvolvemento sostible, o pacifismo, o republicanismo e o federalismo.

Artigo 2

Os principios básicos de funcionamento das de XSG son:

- 2.1. A democracia interna como garantía absoluta da participación de tódolos/as militantes.
- 2.2. O respecto ás liberdades de conciencia e expresión e ó libre pensamento de todos/as e cada un/unha dos/as militantes.
- 2.3. A garantía de liberdade de discusión interna.

Artigo 3

Son obxectivos básicos das XSG, ademais do proclamado no artigo 1 destes estatutos, os seguintes:

- 3.1. Ser o referente da mocidade galega no loita polo socialismo, entendido este como a construción dunha sociedade de cidadáns/ás libres e iguais en dereitos, cunha economía ó servizo da sociedade e na que non exista ningunha clase de explotación nin discriminación por razón de lugar de nacemento, raza, sexo, relixión, capacidade económica ou opinión.
- 3.2. Traballar por unha sociedade democrática, libre, solidaria, xusta e tolerante.
- 3.3. Fomentar entre a mocidade galega valores e actitudes baseados nas ideas de igualdade, socialismo, galeguismo, participación social, feminismo, pacifismo e desenvolvemento sostible.
- 3.4. Loitar contra todo tipo de explotación.

- 3.5. A defensa dos intereses de Galicia, da súa cultura, da súa lingua, da súa identidade nacional e da súa transformación nunha sociedade de constante progreso.
- 3.6. A defensa dos intereses e da modernización de Galicia, das rexións e comarcas que a compoñen e dun xusto e sostible desenvolvemento das mesmas.
- 3.7. Os fixados polos seus Congressos Nacionais.

TÍTULO I: OS/AS MILITANTES

Artigo 4

Poderá afiliarse ás XSG toda persoa que comparta os seus ideais e que, tendo cumpridos os 14 anos, sexa menor de 31, idade esta á que os/as afiliados/as causarán baixa automática e definitiva.

En ningún caso poderán pertencer ás XSG persoas que foran regulamentariamente expulsadas da organización polos órganos competentes con indicación expresa de imposibilidade de regreso.

O ámbito das XSG é o de Galicia, incluíndo nel ós/ás mozos/as galegos/as que vivan fóra do territorio da Comunidade Autónoma. Convidase a estes/as últimos/as a participar na vida interna e actividades das XSG, aínda que militen noutras organizacións integradas na IUSY.

Artigo 5

Todo/a integrante de XSG militará na Agrupación Local de Xuventudes Socialistas (A.L.) correspondente ó concello no que resida habitualmente ou na máis próxima a este, no caso de que nel aínda non exista A.L. Cando haxa un mínimo de tres afiliados/as dun mesmo concello será constituída a correspondente A.L. das XSG.

Dentro dos oito días seguintes á solicitude de alta na organización, esta permanecerá exposta no taboleiro informativo, por un prazo de quince días.

Unha solicitude de alta será automaticamente aceptada se, aplicados os procedementos regulamentariamente previstos a tal efecto, non se produce obxección algunha á mesma. Todas as altas serán comunicadas á Asemblea Local, na súa primeira reunión tras a solicitude. En caso de ter sido presentada algunha obxección, dito órgano decidirá sobre a admisión, previa audiencia do/da solicitante e máis o obxectante pola Executiva Local. Contra a decisión da Asemblea Local caberá recurso perante a Comisión Nacional de Garantías; o/a solicitante ó non ser militante de pleno dereito só poderá recorrer a través dun/dunha militante e sempre que conte co aval de, polo menos, tres militantes cun mínimo de 6 meses de antigüidade na organización.

Artigo 6

Son dereitos básicos de cada militante:

- 6.1. A participación na vida interna da organización, con voz e voto. Non obstante, non gozarán de dereito de sufraxio, activo e pasivo, os/as afiliados/as ós que aínda non lles fose ratificada a súa militancia pola Asemblea Local, os/as que se atopen en situación de suspensión de

militancia e aqueles/as que non estean ó corrente no pago de cotas á organización.

- 6.2. A utilización, para un uso non persoal, dos medios dos que dispón XSG.
- 6.3. A liberdade de expresión interna.
- 6.4. O control do labor dos órganos de XSG.
- 6.5. O dereito a recibir a solidariedade e protección externa da organización en caso persecución ou represalias de calquera tipo por defender a XSG, e os ideais e lexítimos intereses da organización, ou de ataques inxustos que merezan estas respostas.
- 6.6. O dereito a recibir formación e información políticas de XSG.
- 6.7. O dereito a participar nas correntes de opinión nos termos recollidos nestes estatutos.
- 6.8. O dereito a ter unha copia dos estatutos, do Código de Regulamento Interno (de aquí en adiante C.R.I.) e de tódolos regulamentos federais.
- 6.9. XSG pronúnciase a favor da democracia paritaria entre homes e mulleres e, en consecuencia, procurará o sistema de representación paritaria en tódolos seus órganos de dirección e de representación, de tal xeito que ningún sexo terá unha presenza inferior ao 40% nin superior ao 60%.

Artigo 7

Serán obrigas de cada militante:

- 7.1. Cumprir estes Estatutos e o C.R.I. de XSG e velar activamente polo cumprimento por parte dos/as seus/súas compañeiros/as.
- 7.2. Defende-los intereses da organización.
- 7.3. Acatar o programa político, resolucións e acordos emanados dos órganos competentes da organización, e non adoptar outra postura pública que non sexa a da súa defensa e non trasladar á opinión pública os debates e críticas internos.
- 7.4. Non militar en partidos políticos diferentes do Partido dos Socialistas de Galicia, do PSOE ou de calquera outro partido integrado na Internacional Socialista.
- 7.5. Non militar en organizacións sindicais que non sexan sindicatos de clase.
- 7.6. Non participar noutra asociación estudantil diferente ó referente IESGA, de estar éste constituido no seu centro de estudos.
- 7.7. Respetar a tódolos/as seus/súas compañeiros/as.
- 7.8. Participar activamente no traballo da organización na medida do posible. Deber este que deberán cumprir especialmente aqueles compañeiros/as que desempeñen cargos de responsabilidade nos órganos de dirección das XSG, asistindo sempre, salvo causa xustificada, ás súas reunións.
- 7.9. Aboar as cotas fixadas pola organización.

Artigo 8

Os/as militantes de XSG causarán baixa na organización por decisión propia, ó cumprir 31 anos, por expulsión dos órganos competentes, ou cando adebeden á organización máis de 12 meses de cotas, caso no que para poder volver a militar nas XSG deberán aboar a totalidade da súa débeda e perderán a antigüidade que tivesen como militantes.

Artigo 9

Os/as militantes non poderán apoiar ou participar en actividades políticas promovidas por organizacións que sigan ideoloxías ou principios que entren en conflito cos de XSG.

XSG poderá asinar convenios de colaboración, que serán aprobados polo Comité Nacional, con distintas organizacións progresistas, sempre que estas non sexan

contrarias ós principios fundamentais de XSG. A integración destes colectivos non implicará modificación algunha de representantes con voto en calquera dos órganos de XSG.

TÍTULO II: A ESTRUTURA XERAL

Artigo 10

A estrutura xeral de XSG está formada polas Agrupacións Locais.

Son órganos de XSG: o Congreso Nacional, a Comisión Nacional de Garantías (C.N.G.), o Comité Nacional (C.N.), a Executiva Nacional (E.N.). Todo elo sen merma da creación doutros órganos ou comisións de traballo, sempre que as súas funcións consistan en delegacións.

Artigo 11

O Código de Regulamento interno (de aquí en diante C.R.I.) está formado polos regulamentos do Congreso Nacional, do Comité Nacional, de funcionamento da Executiva Nacional, de Asembleas e de funcionamento da Agrupación e calesquera outros regulamentos aprobados polos órganos pertinentes das XSG. O C.R.I. desenvolve ós Estatutos Nacionais e ten un carácter subsidiario destes, non podendo contradecilos en ningún extremo.

As disposicións non incluídas no C.R.I. terán un valor inferior, circunstancial e temporal, agás as dos Estatutos Nacionais. Se son de carácter xeral, deberán ser prontamente incorporadas ó C.R.I. e pasarán a ser efectivas trala súa aprobación polo órgano correspondente.

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación dos estatutos Nacionais e do C.R.I., serán resoltas pola C.G., en decisión apelable só ante o Comité Nacional.

Artigo 12

Os órganos de XSG teñen a obriga de informar a tódolos/as afiliados/as do seu ámbito das súas accións e decisións que lles afecten, e, cando sexa posible, de xeito directo. Todo elo independentemente de que para certos casos, como convocatorias, exista a obriga de levar a cabo unha información personalizada e sen excepcións.

Artigo 13

A orde xerárquica dos órganos das XSG, a efectos orgánicos e políticos, namentres os Estatutos e o C.R.I. non contemplan unha excepción concreta, é:

1. Congreso Nacional.
2. Comité Nacional.
3. Comisión Nacional de Garantías.
4. Executiva Nacional.
5. Asemblea Local.
6. Executiva Local.

Cando un/unha militante ou órgano das XSG non estea de acordo coa resolución dun deles, apelará de xeito informal ó órgano inmediatamente superior a este, e así

sucesivamente. En calquera momento poderá recorrer formalmente por escrito ante a C.N.G.

Artigo 14

As reunións dun órgano das XSG serán dirixidas pola mesa, ou polo órgano ou militantes chamados a asumir as funcións daquela. Todo elo, e máis os procedementos a seguir nesas reunións serán fixados polo C.R.I. En todo caso, deberase permitir unha plural exposición de opinións e garantir a democracia e igualdade de oportunidades.

A orde do día dunha reunión será fixada por quen, conforme ás normas das XSG, a convoque. Toda convocatoria de todo órgano das XSG, deberá incluír, inescusablemente, a todos/as os/as membros de dito órgano.

En cada reunión, o/a secretario/a de actas da mesa, levantará acta do acontecido e informará ós presentes do contido da acta anterior, agás no caso do Congreso Nacional, no que isto se fará na primeira reunión do C.N.

TÍTULO III: AS AGRUPACIÓNS LOCAIS

Artigo 15

As Agrupacións Locais son as unidades básicas da estrutura e da actuación política de XSG. Serán as principais responsables de impulsar, a través da súa actividade, a participación activa da súa militancia en XSG.

Toda A.L. deberá ter un mínimo de tres afiliados/as en todo momento, incluído o da constitución. A constitución dunha nova Agrupación Local contará coa presenza do/a Secretario/a de Organización Nacional ou membro da E.N. na que este delegue, que será o que a oficialice.

Artigo 16

O ámbito e territorio de tódalas Agrupacións Locais, será idéntico ó do termo municipal.

Artigo 17

Todo/a militante das XSG poderá asistir ás Asembleas Locais doutras agrupacións diferentes a aquela na que milita, con voz pero sen voto.

Artigo 18

Os órganos dunha A.L. son a Asemblea local e a Executiva Local.

Artigo 19

A Asemblea Local é o órgano soberano da A.L. Está composta polos militantes da A.L., con voz e voto.

Son funcións da Asemblea Local:

- 19.1. Debater e decidir a liña de traballo da A.L.
- 19.2. Demandar información da E.L. sobre o seu labor, e controlala para que se axuste ás normas e principios de XSG.
- 19.3. Aprobar ou rexeitar a xestión da E.L.
- 19.4. Elixir á Executiva Local (adxudicando ós seus membros competencias definidas), nas súas reunións extraordinarias nas que a celebración desa

elección se aprobe en votación e figurase na orde do día, na primeira asemblea ordinaria que se celebre tras vinteun meses dende a última elección da E.L., tras a vacante do/a Secretario/a Xeral da A.L. ou da maioría absoluta do/as membros da E.L. elixidos na asemblea de inicio do seu mandato.

- 19.5. Aprobar unha normativa interna de funcionamento da A.L., se así se considera necesario.
- 19.6. Aprobar e controlar os presupostos da A.L.
- 19.7. Elixir ós/ás representantes no Congreso Nacional que lle correspondan, nunha reunión extraordinaria ó efecto a celebrar antes del.
- 19.8. Elixir ós/ás representantes no C.N., na súa reunión extraordinaria ó efecto a celebrar tralo Congreso Nacional, nas reunións extraordinarias onde se aprobe en votación e figurase na orde do día, ou nas reunións ordinarias nas que se renove a E.L. por remate do período de mandato desta.

Artigo 20

A Asemblea Local reunirse, a parte de na sesión constitutiva da A.L., de forma ordinaria ós tres meses da súa última reunión, tivese esta sido ordinaria ou extraordinaria, e de forma extraordinaria nos seguintes casos:

- 20.1. Antes do Congreso Nacional, para a elección de delegados/as a ese órgano.
- 20.2. Tralo Congreso Nacional, antes da celebración do primeiro C.N, para a primeira elección da delegación ó C.N.
- 20.3. Cando o solicite 1/3 da militancia da A.L.
- 20.4. Cando a convoque a E.L. para tratar asuntos de importancia e natureza extraordinaria.
- 20.5. Trala vacante do/a Secretario/a Xeral da E.L., ou da maioría absoluta dos membros deste órgano elixidos na asemblea de inicio do seu mandato.
- 20.6. Cando a convoque a E.N., en caso de conflito incumprimento estatutario ou violación das resolucións dos órganos nacionais, e sempre en virtude das súas competencias.

Artigo 21

A Executiva Local é o órgano de dirección da A.L. Entre os seus membros figurarán, como mínimo, o/a Secretario/a Xeral e o/a Secretario/a de Organización.

Artigo 22

Son obrigas da E.L.:

- 22.1. Aplicar a liña política de XSG, adaptada pola Asemblea local ó seu ámbito territorial, e aprobar a execución de actividades de todo tipo da A.L., que acometan a consecución dos fins de XSG no seu ámbito territorial.
- 22.2. Colaborar, nas funcións que lle correspondan, nas tarefas da área interna de organización coa E.N.
- 22.3. Aplicar o plan de formación de militantes adoptado pola organización.
- 22.4. Administrar os presupostos e contas da A.L, decidir sobre a aplicación concreta dos fondos dispoñibles.
- 22.5. Convocar as Asembleas Locais, excepto as convocadas pola E.N. e as convocadas por 1/3 da militancia da A.L. e comparecer en todas elas.
- 22.6. Presentar á Asemblea o informe de xestión cada seis meses en asemblea ordinaria e cando finalice o seu mandato.
- 22.7. Colaborar nas actividades de ámbito nacional aprobadas pola E.N. e o C.N. e aplicar as resolucións e circulares emanadas dos órganos nacionais.

Artigo 23

A Executiva Local reunirse de xeito ordinario unha vez cada dous meses e de xeito extraordinario cando o considere oportuno o/a Secretario/a Xeral, cando o solicite a metade máis un dos seus membros.

TÍTULO IV: O CONGRESO NACIONAL

Artigo 24

O Congreso Nacional é o máximo e soberano órgano de XSG, e constitúe a expresión directa da súa militancia. Será convocado de xeito ordinario entre o segundo e o cuarto ano dende a celebración do congreso anterior. Estará composto polos/as delegados/as elixidos a tal efecto polas Asembleas Locais, con voz e voto, e polos seguintes outros membros, con voz, pero sen voto:

- 24.1. A Comisión de Garantías.
- 24.2. A Executiva Nacional.
- 24.3. A mesa do C.N.
- 24.4. A delegación de XSG no Comité Federal.
- 24.5. Os/as representantes de XSG no Comité Nacional do PS^{de}G.
- 24.6. Os/as militantes que sexan concelleiros/as, alcaldes/alcaldesas, deputados/as no Parlamento de Galicia ou no Congreso e Senadores.
- 24.7. Os/as Secretarios/as Xerais de tódalas Agrupacións Locais de XSG.
- 24.8. Os/as representantes das XSG no Consello da Xuventude de Galicia.

Asemade, tamén poderán acudir, en calidade de invitados/as ou observadores/as, representantes do PS^{de}G, entre os que figure o/a seu/súa Secretario/a Xeral ou de organización.

Se nun mesmo militante se reúnen varias condicións destas listadas, acudirá ó Congreso Nacional, de xeito preferente, polas que están citadas primeiro na antedita relación. Todas elas son compatibles coa calidade de delegado/a (con voto) ó Congreso Nacional.

Nos traballos do órgano executivo encargado da organización do congreso poderán estar presentes, sen voz nin voto, representantes de organizacións integrantes da IUSY e un representante como mínimo do Departamento de Xuventude da Unión Xeral de Traballadores.

Artigo 25

Son funcións do Congreso Nacional:

- 25.1. Debater e definir os principios de XSG e os seus programas, liña política e estratexia xerais, e acordar todo tipo de resolucións políticas.
- 25.2. Elixir á súa mesa na primeira reunión tralo Congreso Nacional.
- 25.3. Debater e aprobar, ou, no seu caso, rexeitar, a xestión da E.N., a do C.N. (representado este polo/a presidente e vicepresidente da súa mesa) e a da C.G., que presentarán cadanseu informe referido a todo o seu mandato.
- 25.4. Elixir en votación secreta e mediante listas pechadas a Executiva Nacional, adxudicando ós seus membros competencias definidas. Necesariamente deberán conter coas seguintes responsabilidades e

- áreas: S^a. Xeral, S^a. de Organización e Administración, S^a. de Emprego, S^a. de Ensino, S^a. de Igualdade, S^a. de Medio Ambiente, S^a. de Formación e S^a. do Medio Rural.
- 25.5. Elixir á Comisión de Garantías.
 - 25.6. Controlar e vulgar as contas e a execución de presupostos de XSG.
 - 25.7. Elixir á delegación de XSG no Comité Nacional do PS^{de}G.
 - 25.8. Modificar os Estatutos Nacionais ou aprobar outros novos, se o estima necesario.
 - 25.9. Decidir, chegado o caso, sobre a disolución de XSG, tendo en conta as limitacións impostas nesta cuestión pola disposición final primeira destes Estatutos, se este punto figurase na orde do día enviada ós/ás convocados.
 - 25.10. Calquera outras que lle confiran estes Estatutos.
 - 25.11. Decidir sobre calquera outra materia, como órgano soberano que é de XSG, conforme ós Estatutos Nacionais vixentes e se figurase na orde do día.

Na orde do día dun Congreso figurarán as cuestións que, segundo o expresado polos Estatutos Nacionais, deban ser imprescindiblemente tratadas nel, e poderá ser ampliado por quen o convoque.

Artigo 26

O Congreso Nacional reunirase de xeito extraordinario nos seguintes casos:

- 26.1. Trala vacante do/a Secretario/a Xeral
- 26.2. Cando compoñan a E.N cinco membros ou menos.
- 26.3. Cando o solicite 1/3 dos militantes de XSG.
- 26.4. Por aprobación do Comité Nacional a proposta da E.N.

Se, producido un dos casos descritos o C.N. non convoca no prazo de dous meses o Congreso Nacional, a Comisión Nacional de Garantías queda constituída en Xestora Nacional.

Artigo 27

A elaboración da ponencia-marco para un Congreso Nacional corresponderá á comisión redactora da mesma, que será designada polo órgano que convoque o congreso. Calquera militante ou agrupación poderá remitir propostas sobre a ponencia-marco ou sobre o desenvolvemento xeral do Congreso á referida comisión redactora ou á organización do mesmo, respectivamente, que as tomarán en consideración.

Artigo 28

Nun Congreso Nacional entre a convocatoria e o inicio do Congreso deberá transcorrer un mínimo de sesenta días se se convocou de xeito ordinario e trinta se o foi de xeito extraordinario.

A comisión redactora da ponencia-marco enviaraa a tódalas Agrupacións Locais, que deberán dar a coñecer ós/ás seus/súas respectivos/as afiliados/as o texto deste documento, que incluírá a liña política e estratéxica de XSG para os vindeiros anos, os postulados da nosa organización sobre asuntos de interese público, todo tipo de programas e resolucións políticas e, obrigatoriamente, se se estima oportuno propoñer a súa modificación, os novos principios e/ou Estatutos Nacionais de XSG.

Entre o remate de este envío e o inicio do Congreso deberá transcorrer un mínimo de trinta días se este se convocou de xeito ordinario e quince se o foi de xeito

extraordinario. Neste período as Agrupacións Locais e tódolos/as militantes en xeral examinarán o texto da ponencia-marco e elaborarán as emendas que estimen oportunas. As Asembleas Locais presentarán á comisión redactora as emendas que obtiveran alomenos 1/5 de votos favorables nas súas reunións realizadas ó efecto.

Así mesmo, a Executiva Nacional. enviará un informe de xestión dos órganos nacionais. Este texto conterá a memoria de xestión da C.N.G., a da propia E.N. e a do C.N., elaborada esta última pola súa mesa.

TÍTULO V: O COMITÉ NACIONAL

Artigo 29

O Comité Nacional é o máximo órgano de dirección de XSG entre Congresos Nacionais. No Comité Nacional terán voz tódolos militantes de XSG e un representante por cada colectivo xuvenil progresista co que exista un protocolo de colaboración, pero só terán voto os seguintes:

- 29.1 Os/as delegados/as elixidos ó efecto polas asembleas locais.
- 29.2 Os/as compoñentes da súa mesa.
- 29.3 Os/as representantes das XSG no comité nacional do PS^{de}G.
- 29.4 A Executiva Nacional, esta última sen voto no enxuízamento da súa xestión.

A E.N. poderá invitar ó C.N. a outras persoas que non formen parte deste, para presenciarlo como convidados, sen voz nin voto.

Artigo 30

O principio de representación nos Comités Nacionais está baseado nas Agrupacións Locais. As asembleas locais elixirán ós/ás seus/súas delegados/as no C.N. (que o serán por un período de un ano unha vez sexa constituído o C.N.), segundo o baremo establecido pola E.N., o cal deberá responder a criterios de solidariedade e proporcionalidade.

Artigo 31

Son funcións do C.N.:

- 31.1. Definir a política de XSG entre Congresos Nacionais, aplicando e desenvolvendo a liña xeral, as resolucións e os programas emanados do último deles, que só poderá variar se se produce unha excepcionalmente insólita mudanza da realidade da sociedade, e debatendo e aprobando outros programas de traballo e resolucións, así como as estratexias, operacións e plans de accións de XSG que acometan a consecución dos obxectivos da nosa organización.
- 31.2. Elixir ó/á presidente e ó/á vicepresidente da súa mesa, non podendo estes ser membros da Executiva Nacional.
- 31.3. Convocar os Congresos Nacionais, nos casos e prazos fixados nestes Estatutos.
- 31.4. Debater a liña política das XSG.
- 31.5. Anualmente analizar a evolución da organización e ditaminar resolucións tendentes a mellorar a estratexia organizativa das XSG.
- 31.6. Censurar a un membro da E.N. Se dita proposta obtén os votos correspondentes á metade máis un dos/as delegados/as convocados/as,

o afectado quedará cesado automaticamente como membro do órgano executivo nacional.

- 31.7. A proposta da executiva, relevar a calquera membro da E.N., agás ó/a Secretario/a Xeral, propoñendo sempre a outra persoa para que entre a formar parte da E.N.
- 31.8. Aprobar os presupostos de XSG.
- 31.9. Requirer información sobre a súa labor á delegación de XSG no Comité Federal, ós/ás representantes no Comité Nacional do PS^{de}G e á delegación de XSG en calquera órgano interno ou externo. Cada unha destas delegacións presentará un informe (oral ou escrito). As diferentes delegacións, que serán coordinadas pola Executiva Nacional, incluírán nos seus informes as incidencias máis destacadas o igual que as posicións políticas defendidas ou expostas nos diferentes órganos.
- 31.10. Elixir ós/ás delegados/as ó Congreso Federal, conforme ó punto 32.3. destes Estatutos.
- 31.11. Elixir ós/ás membros da delegación de XSG no Comité Federal que non foran elixidos no Congreso Nacional, logo deste e antes da primeira convocatoria dun C.F. e, obrigatoriamente, na primeira reunión do C.N. trala celebración dun Congreso Federal.
- 31.12. Modificar o C.R.I. ou aprobar outro novo na primeira reunión do C.N. tralo Congreso Nacional ou cando o estimen oportuno a metade máis un dos/as delegados/as convocados ó C.N.
- 31.13. Requirer a calquera órgano ou representante de XSG a información sobre o seu labor.
- 31.14. Elixir a delegación das Xuventudes Socialistas de Galicia ao Congreso Nacional Galego do PSdeG-PSOE.

Artigo 32

O C.N. reunirse de forma ordinaria ós seis meses da súa última xuntanza e de xeito extraordinario nos seguintes casos:

- 32.1. Cando o convoque a E.N. antes de transcorridos seis meses dende o anterior.
- 32.2. Cando o convoque 1/3 dos seus integrantes con voto. Os membros do C.N. asinantes desta solicitude non estarán capacitados para repetila ata que mediara entre esta (última na que participaron) e outra na que pretendan facelo, un ano, como mínimo, ou a celebración de Congreso Nacional.
- 32.3. Antes, trala súa convocatoria, do Congreso Federal, para a elección dos delegados de XSG a ese órgano.
- 32.4. Trala vacante do/a Secretario/a Xeral para nomear unha Xestora Nacional.

Se producido o último caso a Xestora Nacional non convoca no prazo de dous meses o Congreso Nacional, a Comisión de Garantías queda constituída en Xestora Nacional, garantindo a celebración e organización do Congreso Nacional. De igual xeito no caso de que a E.N. estea composta por cinco membros ou menos, a Comisión de Garantías pasaría a constituírse en Xestora Nacional, tendo que convocar un Congreso Nacional no menor tempo posible.

Artigo 33

A convocatoria dun C.N. será enviada polo convocante a tódalas Agrupacións, que están obrigadas, a través da Secretaría de Organización Local, a comunicar inmediatamente esta convocatoria a tódolos/as seus/súas delegados/as. Entre o remate dese envío da convocatoria e o inicio do C.N. deberá transcorrer un mínimo

de dúas semanas se se convocou de forma ordinaria e corenta e oito horas se o foi de forma extraordinaria.

Artigo 34

A mesa do C.N. estará composta polo seu/súa presidente, un/unha vicepresidente, e por un/unha secretario/a de actas, que será o/a secretario/a de actas da C.G.

TÍTULO VI: A EXECUTIVA NACIONAL

Artigo 35

A E.N. é o órgano de dirección cotián de XSG e está composta polos membros elixidos no Congreso Nacional, con voz e voto. Asistirá tamén ás súas reunións o/a presidente/a do Comité Nacional, con voz pero sen voto. A maiores, a E.N. poderá convidar a participar, de xeito permanente ou ocasional, nas súas reunións a aqueles/as militantes das X.S.G. que sexan membros da C.E.N.G. do PS^{de}G.

Artigo 36

A Executiva Nacional, deberá estar formada por un mínimo de 9 persoas. Necesariamente deberá contar coas seguintes responsabilidades e áreas:

- S^a Xeral.
- S^a Organización e Administración.
- S^a de Emprego.
- S^a de Ensino.
- S^a de Igualdade.
- S^a de Medio Ambiente.
- S^a de Formación.
- S^a do Medio Rural

Artigo 37

Son funcións da E.N.:

- 37.1. Levar á práctica as accións que posibiliten a consecución dos principios e obxectivos de XSG, conforme ós programas, directrices e liña política emanados do Congreso Nacional e do C.N.
- 37.2. A coordinación xeral de XSG e os seus órganos e representantes que facilite un óptimo funcionamento de cara á consecución das metas referidas no punto anterior. A dirección política da organización no seu conxunto.
- 37.3. A condución das relacións entre XSG e outras entidades e grupos sociais.
- 37.4. Convocar os Comités Nacionais nos casos e prazos fixados nestes Estatutos e comparecer en todos eles.
- 37.5. Convocar as reunións de órganos inferiores que resulte notoriamente necesario, por ter sido excedidos os prazos correspondentes ou debido a razóns excepcionais non previstas nos Estatutos, informando disto á C.G. e ó C.N.
- 37.6. Administrar os presupostos, contas e bens de XSG.
- 37.7. Deseñar e Aplicar o plan de formación nacional.
- 37.8. Ocuparse, en definitiva, de tódalas cuestións diarias que afecten á organización e que non estean recollidas de xeito expreso nestes estatutos ou no C.R.I. como competencias doutros órganos de XSG.

37.9. As que lle confíen os presentes estatutos noutros apartados.

Artigo 38

A E.N. reunirse cando a convoque o/a seu/súa Secretario/a Xeral ou cando sexa convocada pola metade máis un dos seus integrantes, ou no seu defecto cada tres meses.

TÍTULO VII: A COMISIÓN NACIONAL DE GARANTÍAS

Artigo 39

A C.N.G. é o órgano encargado de asegurar o cumprimento dos Estatutos Nacionais e do Código de Regulamento Interno.

Artigo 40

A C.N.G. está composta por cinco membros elixidos polo Congreso Nacional mediante o sistema de listas pechadas.

A C.N.G. distribuirá entre os seus membros as funcións de presidente e secretario/a de actas.

Os membros da C.N.G. son inamovibles: en caso de que se produza unha vacante será o C.N. o encargado de nomear a persoa que cubra dita vacante.

Os membros da C.N.G. non poderán ser membros da E.N. nin secretarios xerais nin de organización dalgunha agrupación local.

Artigo 41

Son funcións da C.N.G.:

- 41.1. A tutela efectiva dos dereitos e obrigas dos/as militantes.
- 41.2. Velar en todo momento polo acatamento e execución do disposto no artigo 4 destes Estatutos, no resto deles, no CRI e no resto de normas de XSG, en especial por parte dos seus órganos de dirección, e asegurarse de que estes actúen sempre dentro dos límites que aquelas establezan.
- 41.3. Arbitrar e resolver os conflitos que se produzan no seo de XSG, instruindo os expedientes informativos ou disciplinarios en coordinación e baixo a supervisión do/a Secretario/a de Organización.
- 41.4. A interpretación obxectiva, en caso de dúbida, dos estatutos e do C.R.I.
- 41.5. Controlar e fiscalizar os presupostos, o cumprimento destes, a contabilidade, o uso de fondos e bens e toda actividade económica das XSG, nos seus distintos niveis e de todos os seus órganos, en especial da E.N.
- 41.6. As outras que lle confiran os Estatutos Nacionais e o C.R.I.

Artigo 42

Para o exercicio dos seus cometidos, a C.N.G. poderá adoptar veredictos, mandatos e sancións vinculantes, no marco do establecido polas normas da nosa organización. Todo/a militante ou cargo de XSG estará obrigado a comparecer de xeito oral ou mediante envío de informe escrito ante a C.N.G. cando esta llo solicite e atendendo ós prazos que fixe esta xunto á E.N.

Artigo 43

A C.N.G. reunirse cando teña algún asunto que tratar, ben que lle tivera sido presentado, ben no que a propia C.N.G. deba intervir por iniciativa propia, coa rapidez que o asunto ou asuntos pendentes requiran. En todo caso, reunirse antes da convocatoria do Congreso Nacional para elaborar a memoria da súa xestión. Será convocada polo/a presidente/a ou pola metade máis un dos seus membros e a convocatoria deberase comunicar mediante carta certificada con acuse de recibo, salvo nos casos nos que a urxencia do asunto a tratar xustifique a convocatoria a través doutros medios.

Cando á reunión da C.N.G. só asistan a metade máis uns dos seus integrantes informárase dos acordos tomados ós/ás ausente/s.

As resolucións poderán ser recorridas por vía de reposición perante ela mesma, en caso de que os recorrentes coiden que houbo defecto de apreciación, ou no seguinte Congreso Nacional.

Artigo 44

A C.N.G. poderá intervir, se o estima conveniente, nos seguintes casos:

- 44.1. Ante o C.N. cando considere que lle debe expor o seu parecer sobre calquera cuestión da súa incumbencia.
- 44.2. Ante calquera órgano ou militante da organización, se a C.N.G. desexa facerlle calquera aclaración, precisión, advertencia ou desaprobación sobre un acontecemento ou asunto da súa incumbencia.
- 44.3. A solicitude dun órgano ou militante da nosa organización que lle rogase a emisión dun ditame informativo ou a asunción dunha determinada tarefa de arbitraje interna.

TÍTULO VIII: O CONSELLO TERRITORIAL

Artigo 45

O Consello Territorial é o órgano encargado de coordinar o traballo de XSG nas diferentes comarcas de Galicia. Este labor coordinador terá como obxecto a elaboración e traslado a tódolos concellos de Galicia das políticas de XSG.

Artigo 46

O Consello Territorial estará formado por:

- a. A executiva Nacional de XSG
- b. Tódolos/as Voceiros/as Comarcais de XSG
- c. O/a presidente/a do Comité Nacional
- d. O/a presidente/a da Comisión Nacional de Garantías

Artigo 47

Este Consello Territorial terá como funcións:

- 47.1. Coordinar a aplicación das políticas de XSG en tódolos concellos de Galicia.
- 47.2. Avaliar a aplicación das campañas realizadas por XSG.
- 47.3. Modificar e/ou adaptar as mocións elaboradas pola secretaría nacional de política municipal.

- 47.4. Elaborar un calendario de presentación, análise e seguimento de cada moción.
- 47.5. Modificar e/ou adaptar as campañas elaboradas pola executiva nacional, adaptándoas ás distintas realidades territoriais, así como elaborar un calendario de campaña.
- 47.6. En definitiva, a mellor coordinación e comunicación entre os órganos nacionais e os diferentes ámbitos territoriais de XSG.

Artigo 48

O Consello Territorial reunirse cando o convoque a E.N. ou 1/3 dos seus membros, e sempre de forma descentralizada. O portavoz Comarcal da comarca anfitriona será o/a responsable da coordinación e organización da reunión.

Artigo 49. O/a Voceiro/a Comarcal:

Os/as voceiros/as comarcais serán elixidos por período dun ano, no congreso nacional de XSG ou, no seu caso, no primeiro Comité Nacional que se celebre.

Terá como funcións:

- 49.1. Representar a XSG na Executiva Comarcal do PSdeG.
- 49.2. Ser o portavoz ante os medios de comunicación de XSG na Comarca.
- 49.3. Coordinar unha acción política conxunta das diferentes agrupacións locais en todos os municipios da comarca.
- 49.4. Espallar a acción de XSG a aqueles concellos da comarca que aínda non contan con agrupación local propia.
- 49.5. Acudir ás reunións do consello territorial para dar conta do traballo feito na comarca así como para deseñar o traballo futuro.
- 49.6. Apoiar ás Agrupacións Locais no seu traballo diario.

TÍTULO IX: DISPOSICIÓNS ADICIONAIS, TRANSITORIAS, DEROGATIVAS E FINAIS

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira

Os/as militantes do PS^{de}G con cargos públicos que desempeñen no exercicio destes tarefas no ámbito xuvenil, coordinaranse con XSG e defenderán as posicións da organización no seo do grupo socialista, mantendo, en todo caso, a disciplina de grupo, salvaguardando os valores da esquerda e evitando perxudicar as opcións políticas do PS^{de}G.

Os/as cargos públicos do PS^{de}G que sexan militantes de XSG deberán estar a disposición de calquera militante que desexe consultar algún aspecto da súa xestión.

Os/as afiliados/as a XSG que ostenten algún cargo público, ateranse á disciplina da nosa organización, debendo defender e cumprir no exercicio desa labor os principios, programas, posicións, resolucións, propostas e estratexias de XSG e responderán sobre a tarefa no cargo en cuestión ante os órganos apropiados de XSG.

Será obriga de tódolos militantes de XSG que desempeñen algún cargo público contribuír ó financiamento da organización. Os/as concelleiros/as destinarán dita aportación económica ás súas agrupacións locais e os/as deputados/as provinciais, parlamentarios/as autonómicos/as, deputados/as en cortes, senadores/as e eurodiputados/as ás XSG.

Estes cargos públicos doarán á organización o 5% dos ingresos percibidos pola súa condición de cargo público se non realizan ningún tipo de aportación económica ó PS^{de}G. No caso de que si estean obrigados a colaborar economicamente co Partido, destinarán a XSG a cantidade resultante de restarlle a ese 5% a aportación ó PS^{de}G, pero en calquera caso a aportación a Xuventudes Socialistas nunca será inferior ó 2% dos ingresos do/a cargo público pola súa condición de tal.

Disposición adicional segunda

As publicacións de XSG manterán nos seus editoriais e artigos de opinión os principios de XSG.

Disposición adicional terceira

Os militantes que non estean ó día no pago de cotas á organización, non computarán á hora da aplicación dos baremos para a elección de representantes das Agrupacións Locais no Congreso Nacional e no C.N.

Disposición adicional cuarta

Recoméndase a participación activa dos/as militantes en asociacións ou movementos sociais que non sexan contrarios ós principios fundamentais da nosa organización.

Aconséllase ós/ás militantes residentes fóra de Galicia a súa incorporación ás organizacións irmáns integrantes da Unión Internacional de Xuventudes Socialistas (I.U.S.Y.), da Organización de Mozos/as Socialistas da Unión Europea (E.C.O.S.Y.) ou das Xuventudes Socialistas de España.

Recomendarase e fomentarase a militancia das XSG a súa afiliación ao sindicato irmá UGT, dada a afinidade histórica e ideolóxica que compartimos con esta organización fundada por Pablo Iglesias.

Recoméndase a participación no movemento estudantil a través da asociación estudantil IESGA ou no seu defecto noutros movementos estudantís de esquerdas que non sexan contrarios ó ideario de XSG.

En caso de estar interesados/as na cooperación e na solidariedade, suxírese a colaboración en ONG´s cunha ideoloxía afín á de XSG.

Disposición adicional quinta

Con respecto á denominación, siglas e símbolos das Xuventudes Socialistas de Galicia, dispostos no artigo 1 dos presentes estatutos:

- a. A denominación de tódalas agrupacións locais será: "Agrupación Local de (nome do municipio) das Xuventudes Socialistas de Galicia".
- b. As siglas de tódalas agrupacións locais serán X.S.G. seguido do nome do municipio.
- c. Os símbolos cos que se identificará cada agrupación local serán exactamente os mesmos que se establezan no artigo 1 para a organización a nivel nacional, con idénticos compoñentes, cores e deseño. A única diferenza radicarán en que, do xeito que dispoña a E.N., nestes símbolos figurarán as siglas da agrupación local en cuestión.

Disposición adicional sexta

As correntes de opinión contribúen a fomentar o debate ideolóxico no seo da organización. Poderanse constituír sempre que así o soliciten polo menos 30 militantes de 5 agrupacións distintas en solicitude motivada que deberá aprobarse no C.N. Recoñeceranse como correntes de opinión aquelas que xa existan no PSOE.

A formación de correntes comprende o dereito a que estas se expresen como tales no seo da organización, podendo presentar as súas propostas ós órganos das XSG e facelas chegar ós militantes.

DISPOSICIÓN DEROGATIVAS

Disposición derogativa primeira

Quedan derogados os anteriores Estatutos Nacionais e quedan derogados os regulamentos, normas, disposicións, estruturas e órganos de calquera tipo de XSG que contradigan, xa sexa en todo ou en parte, o establecido por estes Estatutos Nacionais.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira

X.S.G. non poderá ser disolvida namentres existan tres Agrupacións Locais dispostas a mantela.

Disposición final segunda

Estes Estatutos Nacionais entrarán en pleno vigor no instante en que sexan aprobados polo correspondente congreso nacional, conforme ós anteriores.

XIII Congreso Nacional das X.S.G.
Fene, 9 e 10 de maio de 2009

DISTRIBUCIÓN COMARCAL DAS AGRUPACIÓNS LOCAIS

PROVINCIA DA CORUÑA

BARBANZA

Boiro	Muros	Pobra do Caramiñal
Dodro	Noia	Porto do Son
Lousame	Outes	Rianxo
Mazaricos	Padrón	Ribeira

BERGANTIÑOS

Cabana	Laracha	Ponteceso
Carballo	Laxe	
Coristanco	Malpica	

COMPOSTELA

Ames	Oroso	Tordoia
Baña, A	Pino, O	Touro
Boqueixón	Rois	Trazo
Brión	Santa Comba	Val do Dubra
Negreira	Santiago	Vedra
Ordes	Teo	

A CORUÑA

Arteixo	Cerceda	Oleiros
Cambre	Coruña, A	Sada
Carral	Culleredo	

COSTA ATLÁNTICA

Camariñas	Corcubión	Muxía
Carnota	Dumbría	Vimianzo
Cee	Fisterra	Zas

FERROLTERRA

Ares	Mugardos	San Sadurniño
Cabanas	Narón	Somozas, As
Capela, A	Neda	Valdoviño
Fene	Pontedeume	
Ferrol	Pontes, As	

INTERIOR CORUÑÉS

Arzúa	Melide	Sobrado
Boimorto	Mesía	Toques
Frades	Santiso	Vilasantar

MARIÑAS BETANCEIRAS

Abegondo	Coirós	Oza dos Ríos
Aranga	Curtis	Paderne
Bergondo	Irixoa	Vilarmaior
Betanzos	Miño	
Cesuras	Monfero	



ORTEGAL

Cariño
Cedeira

Cerdido
Mañón

Moeche
Ortigueira

PROVINCIA DE LUGO

LEMOS

Bóveda	Pantón	Ribas de Sil
Folgoso do Caurel	Pobra de Brollón	Saviñao, O
Monforte	Quiroga	Sober

LUGO

Baralla	Friol	Outeiro de Rei
Castroverde	Guntín	Portomarín
Corgo, O	Lugo	

MARIÑA LUGUESA

Alfoz	Ouroi	Vicedo
Barreiros	Pontenova	Vilanova de Lourenzá
Burela	Ribadeo	Viveiro
Cervo	Riotorto	Xove
Foz	Trabada	
Mondoñedo	Valadouro, O	

MONTAÑA LUGUESA

Baleira	Navia de Suarna	Ribeira de Piquín
Becerreá	Negueira de Muñiz	Triacastela
Cervantes	Nogais, As	
Fonsagrada, A	Pedrafita	

SARRIA

Incio, O	Paradela	Samos
Láncara	Páramo, O	Sarria

SUROESTE LUGUÉS

Antas de Ulla	Chantada	Palas de Rei
Carballedo	Monterroso	Taboada

TERRA CHÁ

Abadín	Guitiriz	Pol
Begonte	Meira	Rábade
Castro de Rei	Muras	Vilalba
Cospeito	Pastoriza	Xermade

PROVINCIA DE OURENSE

BANDE

Bande	Lobeira	Verea
Calvos de Randín	Lobios	
Entrimo	Muíños	

CARBALLIÑO - RIBEIRO

Arnoia	Carballiño	Melón
Avión	Castro de Miño	Piñor de Cea
Beade	Cenlle	Punxín
Beariz	Irixo	Ribadavia
Boborás	Leiro	San Amaro
Carballeda de Avia	Maside	San Cristobo de Cea

CELANOVA

Bola, A	Gomesende	Quintela de Leirado
Cartelle	Merca, A	Ramirás
Celanova	Padrenda	
Cortegada	Pontedeva	

A LIMIA

Baltar	Sandiás	Vilar de Santos
Blancos	Sarreaus	Xinzo de Limia
Porqueira	Trasmirás	
Rairiz de Veiga	Vilar de Barrio	

OURENSE

Allariz	Maceda	San Cibrao das Viñas
Amoeiro	Nogueira de Ramuín	Taboadela
Baños de Molgas	Ourense	Toen
Barbadás	Paderne	Vilamarín
Coles	Pereiro de Aguiar	Xunqueira de Ambia
Esgos	Peroxa, A	Xunqueira Espadañedo

TRIVES - CALDELAS

Castro Caldelas	Montederramo	San Xoán de Río
Chandrexa de Queixa	Parada de Sil	Teixeira
Manzaneda	Pobra de Trives	Vilariño de Conso

VALDEORRAS

Barco, O	Petín	Viana do Bolo
Bolo, O	Rubiá	Vilamartín
Carballeda	Rúa, A	
Larouco	Veiga, A	

VERÍN

Castro do Val	Mezquita, A	Verín
Cualedro	Monterrei	Vilardevós
Gudiña, A	Oímbra	
Laza	Río	

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

AROUSA

Cambados	Meaño	Vilagarcía
Catoira	Meis	Vilanova
Grove, O	Ribadumia	
Illa de Arousa	Sanxenxo	

BAIXO MIÑO - PORRIÑO

Guarda, A	Rosal, O	Tui
Oia	Salceda de Caselas	
Porriño	Tomiño	

CONDADO - PARADANTA

Arbo	Crecente	Neves, As
Cañiza, A	Mondariz	Ponteareas
Covelo	Mondariz-Balneario	Salvaterra de Miño

DEZA

Agolada	Lalín	Silleda
Dozón	Rodeiro	Vila de Cruces

MORRAZO

Bueu	Marín	Vilaboa
Cangas	Moaña	

PONTEVEDRA

Cerdedo	Fornelos de Montes	Pontecaldelas
Cotobade	Lama, A	Pontevedra
Forcarei	Poio	Soutomaior

ULLA - UMIA

Barro	Cuntis	Pontecesures
Caldas de Reis	Estrada, A	Portas
Campo Lameiro	Moraña	Valga

VIGO

Baiona	Nigrán	Vigo
Gondomar	Pazos de Borbén	
Mos	Redondela	